

Prólogo

“No só son enxeñoso de meu, senón tamén a causa do enxeño en outros.”
(William Shakespeare, *Enrique IV.*)

Estas verbas do preeminente bardo da miña terra adoptiva, aínda que foran escritas en orixe para o personaxe de Falstaff, recordo telas oído por primeira vez en referencia ó gran escritor irlandés Oscar Wilde. Segundo os que o coñeceron, a intelixencia e cultura de Wilde, en vez de lles facer sentirse inferiores ou incultos ós que tiña ó seu redor—ó contrario—facíalles sentirse, durante uns poucos momentos, igual de cultos ca el, igual de brillantes. Xente culta e intelixente hai moita, pero persoas que se propoñen utilizar os seus coñecementos, e a súa cultura, para elevar ós demais, paréceme que hai bastante menos.

De que meu avó fora enxeñoso de seu, teño constancia na súa ampla obra escrita, igual que a podemos ter todos, grazas ós extraordinarios labores de difusión que continúan a impulsar este excelentísimo concello e os seus numerosos amigos. Tamén, como membro da familia, teño constancia a nivel persoal, o da anécdota e o recordo. O único que me falta, porque Deus así o quixo, é a vivencia propia. Pero poder ver, ó longo de tantos anos, os froitos do seu enxeño nos demais, axúdame a entender que as calidades do meu avó tiveron que ser dalgún xeito contagiosas, igual cas de Wilde. As súas amizades, aínda latexantes máis de trinta anos despois da súa morte, testemuñan non só a bondade que tivo meu avó en vida, senón que reflexan tamén a xenerosidade e xentileza destes feis compañeiros, por cuxa forte amizade a nosa familia estará sempre agradecida.

Pero isto é unha nota máis ben persoal. Entre os froitos do enxeño do meu avó destaca este magnífico Certame, no que se celebra o talento e a inspiración de artistas provenientes do mundo enteiro, e de tódalas idades. Outra vez digo que non só testemuña a creatividade e o amor infeccioso pola cultura que tivo aquel que lle da nome ó concurso; senón que reflexa o admirable mecenado do seu concello natal, e destaca a sede que seguimos a ter en Galicia de *cultura*, unha sede saciada de xeito tan espectacular pola abundancia dos nosos artistas galegos, e a dos nosos queridos irmáns estranxeiros. Canto lle gustaría saber a meu avó (aínda que a súa modestia lle cortaría) que semellante actividade cultural leva o seu nome! ...

Sendo eu discípulo da música e do seu estudio, interésame moito esta palabra, “cultura”. Quizais sexa un termo que esteamos cansados de oír. Unha idea, no nome da cal se gastan tantos cartos, se meten tantas horas, se din tantas cousas! Pero a cultura é a nosa voz, é a manifestación do que queremos ser, do que queremos crer e de como queremos vivir, é as varias maneiras en como experimentamos a cultura, coma a linguaxe, o folclore, a espiritualidade, as artes (etcétera), axúdanos a entender estas cousas, e a mantelas ou redefínilas cando as facemos nós mesmos.

O Certame, deste xeito, é un espello para nos mirar, ver quen somos, quen fomos, e peitearnos un pouco se fai falla. Tamén é a imaxe que lles queremos dar ós

demais, a nosa autorepresentación para o resto do mundo (perdoen a xerga), a nosa declaración de “de que vamos”.

E logo, de que vamos? De que va a Galicia do século XXI? Esto, queridos amigos, dínno-lo os nosos premiados, ós que escoitaremos nesta cerimonia. Unha cousa segura é que as temáticas serán dos nosos tempos, malia entraren tamén en diálogo coa nosa historia, as nosas moitas historias. O certame leva o nome dun home, bo e querido, que leva xa anos sen estar connosco. Pero eso non significa que o certame é cousa do pasado, ó contrario! Manuel Rodríguez López cría, como tantos outros, que as ferramentas para nos enfrontar ó noso futuro teñen que vir do noso pasado. (Non, por certo, o pasado que moitas veces se conta, senón o noso verdadeiro pasado, ou polo menos o máis cerca que nos podamos achegar a el—e necesítase moito traballo aínda—.) A importancia da nosa tradición, de cara ó noso futuro, escribiuna así:

Temos que tomar conciencia do noso destino como células de universalidade, segundo pedía Castelao. Temos que beber na auga limpa da nosa cultura, vivir os nosos costumes, falar o noso idioma, implicar ós tendeiros para que poñan os seus carteis en galego, ós concellais para que o empreguen nos consistorios, nas actas e na nomenclatura dos pobos e das rúas, ós cregos para que propaguen a doutrina e impartan os sacramentos en galego.

Entón, un claro si ós nosos costumes, á nosa sabedoría rural, a superar os nosos traumas pasados da emigración e da subyugación, e non esquecerlos. Pero un si tamén a intentar entender a nosa sociedade moderna, o noso lugar no mundo de hoxe, as nosas respostas ós temas correntes que piden resposta urxente: como convivir xuntos, evitar as guerras, tratar con dignidade ós marxidados, acoller ós emigrados (recordando que nun pasado fóramos acollidos nós tamén), e tantos outros temas máis...

Pedimoslles resposta, como quixo meu avó, ás letras, á arte e ó diálogo, á cultura. E con este sentimento escoitamos hoxe ós nosos premiados, ós nosos enxeñosos artistas. Máis que estar orgulloso de que o Certame leve o seu nome, penso que Manuel Oreste se deixaría levar por un orgullo común e compartido. O orgullo de saber escoitarnos, de buscar as respostas xuntos, de compartir o que somos, o que fomos e o que nos queda por ser, de afirmalo e cuestionalo.

A vostede, querido lector, agradecemoslle por estar e compartir connosco. Ós premiados, por as súas excelentes contribucións. E para Manuel Rodríguez López, estas primeiras, e últimas, palabras:

“Non só fuches poeta de teu, senón tamén a causa da poesía en outros.”

“Non só fuches bo de teu, senón tamén a causa da bondade en outros.”

Carlos Rodríguez Otero
CRO—Cambridge, outubro 2022